

RELACIÓN DE PREMIADOS • VI CONCURSO DE TAPAS ENTROIDO 2018

Mamá Flora, O Pío, A Trasanquesa e Casa Sindo resultaron gañadores no Concurso de Tapas Entroido 2018 celebrado do 8 ao 14 de febreiro en Narón

Narón. Xoves 22 de febreiro de 2018./ Os establecementos Mamá Flora, O Pío, A Trasanquesa e Casa Sindo resultaron gañadores no Concurso de Tapas Entroido 2018, celebrado en Narón do 8 ao 14 de febreiro organizado polo Club Narón Gastronómico e a concellería de Promoción Económica.

O **Restaurante A Trasanquesa** fíxose co Premio de **Votación Popular** na modalidade de Tapa do Entroido coa creación “**Pasteliño de Entroido**” e **Casa Sindo** co premio de **Votación Popular** na modalidade de Tapa Creativa, coa elaboración “**Niño de pasta Kataifi de ovos de codorniz**”. Ámbolos premios cunha dotación de 250 euros cada un.

No que respecta aos premios de **Votación polo Xurado**, o gañador na modalidade de Tapa do Entroido foi **Mesón O Pío** con “**Entroidiño na broa**” e na modalidade de Tapa Creativa, **Mamá Flora** coa elaboración “**Niño de Entroido**”. Ámbolos cunha dotación económica de 400 euros cada un.

O xurado estivo composto por Pablo Villamar, concelleiro de Promoción Económica; José Luis Suárez e Eliseo Faraldo, ámbolos dous membros da Asociación Gastronómica ‘Os Cazoleiros’.

No certame participaron vinte establecementos de hostalería de Narón con 24 elaboracións gastronómicas nas modalidades de *Entroido* e *Creativa*, doces e salgadas, que se puideron degustar e valorar grazas ás papeletas que se distribuíron nos propios locais.

Os concursantes foron os seguintes:

Cervexaría Australian: *Pizza de cocido* (Tapa entroido)

Cervexaría Nueva Orleáns: *Pastel de lacón con grelos* (Tapa creativa)

El Colonial: *Pizza de Entroido* (Tapa entroido)

Gastro Bar Mamá Flora: *Niño de Entroido* (Ovo de codorniz semilíquido rebozado con picadillo sobre cama de grelos) (Tapa creativa)

Cervexaría Indalo: *Ledicia de Entroido* (Tapa entroido)

Cervexaría Xamonería Salmantina: *Manitas de Entroido* (Tapa entroido)

Romero II: *Hamburguesa de Cocido* (Tapa creativa)

Asociación de Veciños Virxe do Mar: - *Cuasicocido* (Tosta pintada de humus de garavanzos, lacón e faragullas de chourizo e salsa de grelos (Tapa entroido)

- *A casa dos Pícaros* (pementos do piquillo recheos de pasta boloñesa e lapados con velouté ao pementón) (Tapa creativa).

Mesón Terra Meiga: - *Amoriños galegos* (Tapa entroido). - *Tentación Meiga* (Tapa creativa)

Parrillada do Couto: *Empanada de Cocido* (Tapa entroido)

Casa Sindo: *Niño de pasta kataifi de ovos de codorniz* (Tapa creativa)

Bar Vituco: *Bocado de Entroido* (Tapa entroido)

Gastrobar Piñeiros: *Montadiño de cachola prensada con chourizo de Lalín e aceite ao pementón* (Tapa entroido)

Mesón O Pío: - *Entroidiño na broa* (Tapa entroido) - *Pío Melindroso* (Tapa creativa)

Silver 200 Monjes. *Filloa rechea desalteado de lacón con queixo de Brigantía* (Tapa entroido)

Cafetería La Profecía: *Canelón de Entroido* (Tapa entroido)

Café Bar La Rockola: *Betty Lucy* (tres queixos con cebola caramelizada) (Tapa creativa)

Romero I: *Cocido do Romero* (Tapa entroido)

Restaurante A Trasanquesa: - *Pasteliño de Entroido* (Tapa entroido) - *Pastel de cabracho con tosta e salsa balsámica con redución de Pedro Ximénez* (Tapa creativa)

A Grella dos Avós: *As milfollas do Entroido* (Tapa entroido)

Sorteo de ceas

No concurso tamén se sortearon 5 ceas para dúas persoas entre o público que votou por algunha das tapas presentadas ao concurso polos establecementos participantes e deixando a papeleta cos seus datos ben cubertos na urna que se colocou en todos os locais inscritos no certame.

Froito deste sorteo resultaron gañadoras as seguintes persoas: Suso Caneiro, Manuel José Díaz, M^a Mar Díaz, Emilio Bugallo e José Manuel Picos.